



In memórium

Padre López Calo S.J., In memórium

Carlos Pajares Vales¹

Hai trinta anos, co gallo da xubilación do P. López Calo e do seu paso de catedrático a profesor emérito da Universidade de Santiago, publicáronse dous volumes de máis de 700 páxinas na honra da súa traxectoria, coa contribución de diversos profesores de moitas universidades españolas e estranxeiras. Na introdución destes volumes, eu como reitor entón da Universidade Compostelá dicía:

É unha grande satisfacción ter no seu cadro de profesores o P. López Calo. O prestixio científico dos seus profesores é o principal activo dunha universidade e por iso a nosa séntese orgullosa de ter nas súas filas ao P. López Calo. A súa actividade é intensa e variada sendo difícil dicir que é o máis relevante e, xa que logo, polo que a Universidade debe estar máis agradecida. Quizabes a súa investigación, internacionalmente apreciada, impregnada por un espírito de busca conxuntada cun rigor e coñecementos fondos; quizabes o seu traballo tenaz nos Xoves Musicais, fundados, sostidos e alentados por el, permitindo ir facendo na nosa Universidade un público musical amplo e serio, quizabes o agarimo mostrado á súa Universidade que o levou a facer a doazón da súa biblioteca particular; quizabes a transmisión do seu espírito investigador de tal xeito que se estea a formar un núcleo de musicólogos... Son moitos quizabes. Por iso, como Reitor da súa Universidade quero dicir no seu nome: Grazas P. López Calo.

¹ Carlos Pajares Vales é catedrático de Física Teórica. Foi reitor da USC entre os anos 1984 e 1990.

Se se revisan estas verbas trinta anos máis tarde, constátase que a súa actividade investigadora non parou e seguiu con feitos relevantes, co descubrimento de importantes composicións de música renacentista e barroca en diversas catedrais españolas, tamén continua a súa colaboración coas iniciativas musicais dirixidas a un público máis xeral. É admirable como con máis de noventa anos collía o coche para facer moitos quilómetros, meténdose na España profunda para buscar e descubrir música que o facía feliz e ademais provocaba admiración e sorpresa dentro da comunidade científica internacional.

Os Xoves Musicais representaron durante moitos anos unha das principais actividades musicais de Galicia, contando coa participación de instrumentistas de primeiro nivel e incluso de formacións sinfónicas estranxeiras como a orquestra filharmónica de Brno e outras similares. Aínda hoxe son recordados os ciclos das sonatas de Beethoven e Mozart ou dos seus cuartetos ou o ano de música francesa celebrando no aniversario da revolución francesa, que tiveron lugar nos Xoves Musicais. Como é coñecido, na década dos noventa creáronse dúas estupendas orquestras en Galicia, a Sinfónica coa sede en A Coruña e a Real Filharmonía en Santiago e iso implica que os Xoves Musicais se transformaron, restrinxíndose a música de cámara e instrumental realizada noutros días da semana, dado que a música sinfónica estaba moi ben cuberta. O P. López Calo seguiu sempre aberto a colaborar nas diversas programacións, sexa co Auditorio de Galicia na programación, ou con participación máis activa como foi o caso con Música en Compostela. Música en Compostela fíxolle unha homenaxe de gratitude hai dous anos.

Debido o seu período no Xapón, son as excelentes relacións co mundo xaponés. Proba dilo foi a actuación, hai uns anos, do coro da Universidade de Nagasaki na igrexa dos xesuítas de Santo Agostiño en Santiago, interpretando de maneira magnífica o Requiem de Tomás Luís de Victoria.

Respecto da doazón da súa importante biblioteca á Universidade de Santiago, probablemente a mellor en canto a música

medieval renacentista e barroca española, non puido facerse efectiva finalmente, e agora ubícase na biblioteca da Universidade Pontificia Comillas.

O P. López Calo estaba moi ben formado como xesuíta. Licenciado en Filosofía pola Universidade de Comillas, en Teoloxía pola Facultade de Teoloxía de Granada, licenciado en Filosofía e Letras na Universidade de Granada, doutor pola Universidade de Santiago, graduado e doutor polo Pontificio Instituto de Música Sagrada en Roma. Neste mesmo Instituto foi profesor adxunto e despois catedrático e vicerreitor na década dos sesenta. Neste período foi conselleiro musical da Radio Vaticana. Toda esta formación dá-lle un amplo coñecemento en linguas clásicas e modernas, filosofía, teoloxía e historia. Por outra banda as súas estancias en diversas partes do mundo permití-anlle ter unha ampla visión e amplos horizontes.

Como musicólogo fixou aportes notables a varios períodos musicais. Na música medieval, as súas investigacións están sintetizadas no libro *La música Medieval en Galicia*. Dentro atópanse propostas orixinais fundamentais para entender o Calixtinus, máximo tesouro musical da catedral de Santiago. Tamén é de resaltar a proposta sobre os instrumentos do Pórtico da Gloria, mostrando que foron esculpídos non como froito da imaxinación do artista, mais como copia de instrumentos existentes na época. Dentro da música do Renacemento e do Barroco, a súa tese doutoral en Roma: *La música en la catedral de Granada en el XVI*, abre camiños no estudo da música renacentista, quedando como referencia e sendo mestra e modelo para traballos posteriores. A este traballo seguiron *La música en las Catedrales de Castilla la Vieja* e despois as do antigo Reino de León. O arquivo da súa biblioteca é un auténtico arsenal de documentación onde se atopan os catálogos de Santiago, Burgos, Palencia, Segovia, Ávila, San Domingos da Calzada, Logroño, Burgo de Osma, Calahorra, Soria, Valladolid, Vilagarcía de Campos, Plasencia e Zamora. Os estudos sobre a música do renacemento ou do barroco español citan frecuentemente como referencia os traballos do P. López

Calo. Os seus estudos non se restrinxen aos períodos citados, senón a diversos aspectos musicais doutras épocas como no caso da música española do século XIX, especialmente sobre Eslava, ou a influencia da opera italiana en España, ou sobre as sonatas de Beethoven.

Formaba parte de institucións musicais de Alemaña, Italia, Francia, Inglaterra e varias americanas, igualmente que de varias españolas. Era membro da Academia Galega de Belas Artes e posuía a máxima distinción artística española: a medalla de ouro ao mérito das Belas Artes. Tamén era académico correspondente da Academia de Belas Artes de San Fernando, Real Academia Galega e Real Academia de Belas Artes de Granada.

O P. López Calo era conservador en certos aspectos, mais sempre aberto a escoitar e tamén a cambiar o seu parecer se se argumentaba e convencía. Hai uns anos, a Filharmónica de Berlín publicou unha versión da Paixón segundo San Mateo de Bach, dirixida por Simon Rattle e con posta en escena de Peter Sellars. O feito de que a obra estaba teatralizada e ademais cun director atrevido e moi moderno, podería ter causado temor a un sacerdote, máis tendo en conta que estamos a falar da obra cumio da música clásica (non só da música sacra). Por iso, dubidei en regalarlla, pero finalmente así o fixen. Despois dunhas semanas, deume persoalmente unha carta preciosa, na que ademais de expresar o seu agradecemento, indicábame os seus primeiros temores e reparos, mais na medida en que avanzaba a obra contábame que se rendía cada vez máis a súa profundidade e beleza. Díxome que despois de ver e escoitar o DVD puxo un DVD da mesma obra interpretada por Richter, rexistro clásico de referencia e sentiu una gran diferenza en favor dos berlineses.

Outro aspecto da súa personalidade era o candor, parecido ao que teñen os nenos e os paisanos galegos. Isto reflectíase en moitos aspectos, así por exemplo, as súas homilías da Eucaristía estaban construídas a base de contos sinxelos e de fábulas que entraban polos sentidos máis que pola cabeza. Parecía que falaba un neno galego.

El quería axudar ao labor pastoral e estivo celebrando a Eucaristía ata a súa partida a Salamanca. O día que anunciou a súa última Eucaristía en Santo Agostiño, os fieis que o escoitaban déronlle un aplauso espontáneo prolongado cheo de agarimo e agradecemento. Agarimo e agradecemento que sentimos os que o lembramos con simpatía.

Carlos Pajares Vales